



PLAN DIXITAL

CPR PLURILINGÜE ALBA

Versión 1.0_ xuño 2022



Índice do Plan Dixital

- **Introdución**
 - Datos básicos do centro
 - Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - Breve xustificación do mesmo
 - Proceso de elaboración
- **Situación de partida**
 - Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - Fontes empregadas para a análise DAFO
 - Análise DAFO
- **Plan de Acción**
 - Obxectivos, indicadores e accións
 - Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas
- **Avaliación do PD**
 - Seguimento do Plan de Acción
 - Propostas de mellora (revisión)
- **Difusión do PD**

Introdución

Datos básicos do centro

Nome do centro: CPR PLURILINGÜE ALBA

Enderezo: Rúa Esperanto 8, 36204 Vigo, Pontevedra

E-mail: cpr.alba@edu.xunta.es

Web: <https://www.colexioalba.com/>

Etapas educativas: Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obligatoria

No curso escolar 21-22 no centro traballan 44 docentes e o alumnado consta de 657 persoas

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O noso Colexio está situado no centro da cidade de Vigo, concretamente na rúa Esperanto nº 8, paralela á céntrica rúa de Urzáiz. No contorno do colexio hai numerosos comercios, entidades bancarias, cafetarías e outros negocios, ademais de moitas vivendas familiares, nas que habita a case totalidade dos nosos alumnos e alumnas, máis de 600 rapaces e rapazas que cursan desde Educación Infantil ata 4º de Educación Secundaria. O feito de estar no centro da cidade proporciona vantaxes coma a de poder asistir a cines, teatros, etc.

Ao tratarse dun centro de ensino concertado, a maioría dos alumnos e das alumnas procede de familias de clase social media. Ao centro asiste unha porcentaxe significativa de alumnado estranxeiro (principalmente de América do Sur) que se atopa perfectamente integrado.

O centro leva dende o ano 2010 participando no Proxecto Abalar da Xunta de Galicia, cuxo obxectivo é a integración plena das TIC na práctica educativa.

No curso 21-22 estase a participar no Plan Proxecta+ de innovación educativa, no programa Galicóns, dependente do Instituto Galego de Consumo.

Para o curso 22-23 o centro foi admitido no programa EDIXGAL nos cursos 5ºEP, 1º e 3º ESO.

Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre

outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021- 2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Na resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 establécense as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Proceso de elaboración

Os membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital durante o curso 21-22 foron:

- Patricia Dapena Carrera (coordinadora)
- Perfecto Leirós (representante do equipo directivo)

- Olalla Peteiro Pereda (representante de E.I.)
- M^a José Bravo Chaves (representante de E.P.)
- Juan José Veiga Teijeira (representante de E.S.O)

Para a elaboración do Plan Dixital, seguíronse as directrices e prazos marcados pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, contando coa axuda e guía do Equipo Adix-Vigo-2.

As reunións leváronse a cabo de forma trimestral e acordouse que no vindeiro curso terían a mesma periodicidade, pero que isto podería ser modificado en función das necesidades que xurdan.

Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital:

O centro conta con conexión sen fíos con repetidores de sinal en cada planta para estender a cobertura Wifi a todo o edificio. Dispónse tamén de dúas liñas telefónicas fixas e liña móbil.

Ademais cóntase cunha conta de correo electrónico e coa aplicación TokApp para mellorar a comunicación coa familias.

En canto á conectividade, é de fibra óptica cunha velocidade de 600Mb.

Equipamento:

- Aulas dixitalizadas:
 - 6 aulas de EI con Encerado Dixital.
 - 5 aulas en EP con Encerado Dixital (3^o, 6^o e 5^o EP)
 - 4 aulas de EP con proxector (1^oe 2 de EP). Pendente a colocación dun proxector nunha das aulas de 5^o EP
 - 4 aulas de ESO con Encerado Dixital (1^o e 2^o ESO)
 - 4 aulas de ESO con proxector
 - Encerado dixital na aula de Audiovisuais
 - Ordenador de sobremesa no laboratorio

Todas as aulas contan cun ordenador de sobremesa ou portátil e mais os seus periféricos.

- Equipos de xestión e administración:
 - 2 ordenadores de sobremesa e 2 portátiles en secretaría.

Impresora e fotocopiadora sen fíos

- 1 portátil e mais un ordenador de sobremesa en dirección con impresora.
- Biblioteca:
 - 1 ordenador de sobremesa para a catalogación dos fondos e un portátil á disposición do alumnado para as súas consultas
- Salas de profesorado:
 - 1 ordenador de sobremesa e unha fotocopiadora Wifi
 - 1 ordenador de sobremesa na sala de profesorado da ESO.
- Aula móbil:
 - O centro dispón de 120 ultraportátiles cos seus correspondentes armarios cargadores
- Aula de informática:
 - Polas necesidades de espazo derivadas da Covid-19, houbo que desmantelar esta aula para poder utilizala como aula ordinaria. Antes diso, a aula constaba de 16 ordenadores de sobremesa para o alumnado e 1 para o profesorado.
- Proxecto EDIXGAL:
 - Aprobado para o curso 22-23 en 5ºEP e 1º e 3º ESO.
- Departamento de orientación:
 - 7 tabletas para o uso do alumnado NEAE
 - 2 portátiles para uso do departamento
 - 1 portátil para uso do alumnado con deficiencia visual.

Servizos dixitais educativos:

- Páxina Web do Centro: <https://www.colexioalba.com/>
- Aula Virtual: <https://new.edmodo.com/>
- Espazo Abalar, AbalarMobil e AbalarWeb
- TokkApp
- Correos electrónicos tanto do profesorado, como de dirección e secretaría e administración.

Xestión e mantemento dos equipos informáticos:

Servizo de mantemento e asesoría por unha empresa privada externa.

1.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.7	4.2			
	Profesorado	2.8	3.1			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.3	3.5			
	Profesorado	2.3	3.1			
	Alumnado	3.2	2.9			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.1	4.5			
	Profesorado	3.4	3.1			
	Alumnado	3.3	2.6			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.3	4.4			
	Profesorado	2.4	3.1			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.9	3.9			
	Profesorado	3.6	3.6			
	Alumnado		3.2			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.5	4			
	Profesorado	2.9	2.9			
	Alumnado	3	2.7			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.3	3.6			
	Profesorado	2.2	2.3			
	Alumnado		2.3			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.7	4.2			
	Profesorado	3.1	3.1			
	Alumnado	3.5	3			

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	35	43	81.4%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	1	2	50%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
93.1	Integrador/a (B1)	73.4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	71.9	Integrador/a (B1)	68.2	Integrador/a (B1)
EP	69.3	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
ESO	128.3	Experto/a (B2)	79.2	Integrador/a (B1)
ENR	87	Integrador/a (B1)	75.4	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	5.6%
A2	8	22.2%
B1	12	33.3%
B2	9	25%
C1	2	5.6%
C2	5	13.9%
TOTAL	38	105.6%

Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Espazos adecuados para a introdución de novo equipamento 2. Equipamento específico para o traballo do alumnado con NNEE 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Equipamento dixital das aulas escaso e pouco actualizado 2. Falta dun servizo técnico rápido e eficaz 3. O centro non dispón dun aula virtual 4. A red de internet dá fallos continuos
	PERSONAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comunicación fluída entre profesorado das distintas etapas educativas 2. Profesorado interesado e coñecedor das novas estratexias de ensino 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Niveis de CDD moi dispares entre o profesorado 2. Falta de tempo para a creación de recursos dixitais propios
	PERSONAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Traballo con equipamento dixital adaptado ao alumnado con NNEE 	
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Uso responsable da Internet 2. Recoñece a calidade e veracidade da información 3. Moi competente no uso do móbil, das aplicacións de vídeo e RRSS 	<ol style="list-style-type: none"> 1. O alumnado utiliza pouco os recursos dixitais fóra do seu tempo de lecer 2. Pouco alumnado con dispositivos propios adecuados para o aprendizaxe dixital 3. Escasa competencia do alumnado para a resolución de problemas técnicos dos dispositivos dixitais. 4. Pouco familiarizado con ordenadores e os seus periféricos.
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Boa comunicación entre familia e profesorado 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de equipamento en algunhas familias
	OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Interés en utilizar novos métodos de ensino 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de medios económicos para actualizar os recursos dixitais
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Interés en implementar unha estratexia dixital adecuada á realidade do alumnado 	<ol style="list-style-type: none"> 1. As características da plataforma online utilizada son moi básicas e dá erros

		2.Foméntase o uso das ferramentas institucionais 3.Web do centro actualizada e ampla presenza en RRSS	continuamente.
--	--	--	----------------

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1.Variedade de ferramentas institucionais ao servizo dos centros	1.Oferta de formación escasa 2.Aceso limitado aos recursos comparado co ensino público
	LEXISLACIÓN	1.Multitude de recursos con licenza CC a disposición do profesorado	
	CONTORNA	1.A maioría do alumnado vive en zonas con ampla cobertura de Internet	1.nivel socioeconómico medio-baixo
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		1.Nula colaboración con empresas e institucións

Plan de Acción

Obxectivos, indicadores e accións

Establécense as 5 áreas que consideramos prioritarias:

- Desenvolvemento profesional continuo
- Pedagogía: apoios e recursos
- Competencia dixital do alumnado
- Colaboración e redes
- Prácticas de avaliación

A continuación engádense as táboas onde se recollen os obxectivos e

indicadores de logro.

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Mellorar a conectividade naquelas zonas dos edificios do Centro nas que a wifi ou sinal chega con máis debilidade, sobre todo, cando se conectan varios dispositivos (ximnasio, planta baixa, biblioteca e planta cuarta).

Mellorar a infraestrutura de voz, instalando nas aulas intercomunicadores, tal e como temos xa nas aulas de educación infantil.

Actualizar os equipos máis antigos.

Aumentar o número de dispositivos de acceso tanto para o profesorado como para o alumnado.

Instalar encerados dixitais naquelas aulas que aínda non dispoñen deles (tres aulas de educación primaria) e valorar a instalación en espacios comúns de uso variado (biblioteca, ximnasio, aula de plástica, sala do profesorado, etc.)

A finalidade destas melloras é a de poder ofrecer un ensino de maior calidad e acorde cos novos tempos.

Deseñar e implantar a nosa propia aula virtual deixando así de utilizar plataformas externas e poder garantir, de xeito adecuado, a privacidade da información.

A continuación engádense as táboas onde se recollen os obxectivos e indicadores de logro.

Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": D "Desenvolvemento Profesional Contínuo"						
1. OBXECTIVO (1):	Xerar reflexión sobre a necesidade de formación				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de docentes interesados en formación que contestan a una enquisa sobre as necesidades de formación					
Valor de partida (3)	0 persoas contestan a enquisa					
Valor previsto e data (4)	75% do profesorado contesta a enquisa			Última semana de outubro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Reunión de CCP para realizar propostas sobre formación TIC	Equipo directivo	3ª semana de setembro 2022	Convocatoria. Equipo informático. Persoa responsable da xefatura de estudos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Deseño da enquisa coas propostas formativas para o profesorado.	Equipo Directivo con colaboración do coordinador TIC	3ª semana de setembro 2022	Persoa coordinadora TIC. Equipo informático. Conta de correo corporativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Difusión da enquisa entre o profesorado do centro por correo electrónico para obter información sobre as súas preferencias formativas.	Persoa coordinadora TIC	1ª semana do mes de Outubro 2022	Profesorado do centro. Equipos informáticos. Correo corporativo do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A01.4: Análise de resultados da enquisa e difusión das propostas formativas seleccionadas	coordinador TIC	2ª semana de outubro 2022	Persoa coordinadora TIC. Equipo directivo Equipo informático. Conta de correo corporativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.5: Reunión coa persoa asesora CAFI/CFR para trasladar as necesidades formativas para orientacións de cara a solicitude de PFPP.	Equipo Directivo	3ª semana de outubro 2022	Equipo directivo Persoa asesora CFR. Equipo informático. Conta de correo corporativo. Liña telefónica		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": E "Pedagogía: Apoios e Recursos"						
2. OBXECTIVO (1):	Valorar o resultado da implementación do programa EDIXGAL				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nivel de satisfacción do profesorado e alumnado que participa, mediante una enquisa					
Valor de partida (3)	0 persoas contestan a enquisa					
Valor previsto e data (4)	75% de persoas contesta a enquisa			Última semana de abril 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)
AO2.1: Reunión do claustro para decidir se solicitar acceder a EDIXGAL no curso 22-23	Equipo directivo	Marzo 2022	Convocatoria. Persoa coordinadora TIC.	Decídese solicitar	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Solicitud de incorporación para o curso 22-23.	Equipo Directivo con colaboración do coordinador TIC	Abril 2022	Persoa coordinadora TIC. Equipo informático. Conta de correo corporativo.	Enviada a solicitud. A posteriori, tramítase a petición de incorporar un curso máis ao programa	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Difusión a toda a comunidade educativa e resolución das dúbidas que poidan xurdir	Persoa coordinadora TIC	Xuño 2022	Equipos informáticos. Correo corporativo do centro. Abalar mobil Persoa coordinadora TIC e persoa designada por xefatura de estudos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A02.4: Implementación na aula do programa EDIXGAL	Profesorado dos cursos participantes	Inicio do curso 22-23	Persoa coordinadora TIC. Equipo directivo Profesorado. Equipo informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.5: Valoración da participación no programa EDIXGAL	Coordinador TIC	Abril 2023	Persoa coordinadora TIC. Profesorado participante Alumnado / familias Equipo informático. Conta de correo corporativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": H: "COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO"						
3. OBXECTIVO (1):	Facilitar información ao alumnado sobre seguridade e uso responsable das redes				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora TIC e persoa responsable das saídas didácticas/charlas				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	% de participación do alumnado nos debates posteriores					
Valor de partida (3)	0 participación					
Valor previsto e data (4)	75% participación			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Reunión entre coordinador TIC e responsable das saídas didácticas/charlas	Reponsable das saídas didácticas/charlas	Setembro 2022	Persoa coordinadora TIC Persoa coordinadora das Saídas didácticas Equipo informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Procura de persoas expertas na materia e contactar con eles	Reponsable das saídas didácticas/charlas	Outubro 2022	Persoa coordinadora das Saídas didácticas Equipo informático Liña telefónica Conta de correo electrónico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Organización das charlas no centro	Persoa coordinadora TIC	Maio 2023	Persoa coordinadora TIC Persoa experta na materia Alumnado Equipamento informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Valoración das charlas	Persoa coordinadora	Maio 2023	Persoa coordinadora TIC		Realizada	

mediante un debate co alumnado	TIC coa colaboración dos titores		Titores Alumnado Equipamento informático		Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": B "COLABORACIÓN E REDES"						
4. OBXECTIVO (1):	Potenciar o uso de ferramentas institucionais para a comunicación entre profesorado/alumnado/familias e institucións externas				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nivel de satisfacción co uso das diferentes ferramentas institucionais, a valorar mediante una enquisa de satisfacción					
Valor de partida (3)	Non se usan ferramentas institucionais para a comunicación					
Valor previsto e data (4)	Nivel de satisfacción alto coa utilización das ferramentas institucionais para a comunicación			Fin do curso 22-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Reunión do equipo directivo para decidir cales das ferramentas institucionais e utilizarán como medio de comunicación entre toda a comunidade educativa e con institucións externas	Equipo directivo	Xuño 2022	Equipo directivo Equipamento informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Comunicación ao claustro de profesores a decisión de uso das ferramentas institucionais seleccionadas	Equipo Directivo	Setembro 2022	Equipo directivo. Equipo informático. Persoa responsable TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Difusión a toda a comunidade educativa de titoriais e das normas de uso	Persoa coordinadora TIC	Setembro 2022	Equipos informáticos. Correo corporativo do centro. Abalar mobil		Realizada	
					Aprazada	

das ferramentas elixidas			Persoa coordinadora TIC e persoa designada por xefatura de estudos		Pendente	
AO2.4: Enquisa sobre o uso das ferramentas institucionais	Profesorado	Fin do curso 22-23	Persoa coordinadora TIC. Equipo directivo Profesorado. Equipo informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": G "PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN"						
5. OBXECTIVO (1):	Procurar novas estratexias de avaliación dixital e formación do profesorado nelas				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefes de departamento e responsable da xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de estratexias de formación propostas					
Valor de partida (3)	0 estratexias de formación dixital					
Valor previsto e data (4)	3 estratexias de formación dixital propostas			Inicio Curso 23/24		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Reunión dos xefes de departamento e os reponsable TIC para procurar novas estratexias de avaliación dixital (oortfolio do alumnado, avaliación por competencias...)	Persoa responsable da xefatura de estudos.	Novembro 2022	Equipo informático. Persoa responsable da xefatura de estudos. Persoas xefes de deaprtamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Valorar as propostas de novas estratexias d e avaliación dixital e seleccionar as mais decuadas as necesidades do centro	Persoa responsable da xefatura de estudos.	Xaneiro 2023	Persoa responsable da xefatura de estudos. Persoas xefes de deaprtamento Equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Reunión do profesorado para recibir información edeseñar un plan de formación para por en práctica as estratexias de avaliación seleccionadas	Persoa responsable da xefatura de estudos	Febreiro 2023	Profesorado do centro. Equipos informáticos. Correo corporativo do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO5.4: Contactar coa persoa asesora do CFR para trasladar as necesidades formativas	Persoa responsable da xefatura de estudos	Maio 2023	Persoa responsable da xefatura de estudos Liña telefónica Conta de correo corporativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.5: Formación e implementación das novas estratexias de avaliación dixital.	Persoa responsable da xefatura de estudos	Inicio do curso 23/24	Persoa asesora CFR. Equipo informático. Profesorado Liña telefónica		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Avaliación do plan

Para avaliar o desenvolvemento do plan e a consecución dos obxectivos , os membros do equipo do Plan Dixital reuniranse unha vez ao trimestre, sempre nas datas consideradas mais adecuadas pola persoa coordinadora e tendo en conta a temporalización e secuenciación prevista no plan de acción.

En cada reunión trimestral recollerase en acta:

- Estado de execución das accións
- A valoración dos resultados
- As posibles modificacións, se fose necesario, pois as datas e mesmo a orden prevista das accións pódense ir adecuando ao desenvolvemento do curso escolar.
- Propostas de mellora e suxestións.

Na xuntanza final, que se levaría a cabo no último mes do curso escolar, valoraranse de forma global o progreso das accións desenvolvidas e o logro dos obxectivos propostos.

Difusión do plan

Co fin de achegar o Plan Dixital a toda a comunidade educativa, este aparecerá na páxina Web do Centro.